



Internacional



A UNESCO advirte sobre o acusado descenso da axuda á educación a países en desenvolvemento

O Informe de Seguimento da Educación para Todos no Mundo, publicado recentemente pola Unesco, revela que o mundo non acadará os obxectivos acordados pola comunidade internacional no Foro Mundial, celebrado en Dakar (Senegal) no ano 2000. Na actualidade, aínda hai no planeta 75 millóns de nenos sen escolarizar e tamén son moitos os que abandonan a escola sen ter finalizados os estudos primarios.


As previsións apuntan que o propósito de universalizar a ensinanza primaria en 2015 non se logrará. O director xeral da Unesco, Koichiro Matsuura, salienta "a axuda á educación básica ten sido fundamental para escolarizar a millóns de nenos, formar mestres, construír aulas e conseguir toda unha serie de resultados palpables no último decenio", polo que "a súa diminución pon en perigo esas realizacións e compromete os futuros avances cara á consecución da Educación para Todos".

Despois de aumentar a axuda entre 2000 e 2004, a partir deste último ano deixou de medrar e ultimamente experimentou un descenso do 31%. A recesión económica mundial pode constituír unha ameaza para o apoio ao desenvolvemento en todos os niveis. As presións exercidas sobre os orzamentos e a desaceleración do ritmo de crecemento económico entrañan a posibilidade de que a porcentaxe de renda nacional dedicada á axuda externa sufra unha perda substancial, que podería representar, de aquí a 2010, unha rebaixa duns 1.100 millóns de dólares na achega á educación dos países máis pobres.

En 2007, a contribución á educación básica deses países cifrouse en apenas 2.600 millóns, unha suma catro veces menor que a necesaria.

A Unesco pídelles aos doadores que subministren os recursos que con tanta urxencia se precisan para protexer os máis pobres do mundo contra os efectos devastadores da crise. A Organización estima que, tanto os doantes como os gobernos deben evitar que os orzamentos destinados a educación e outros servizos sociais se reduzan, xa que a crise pode afectar da maneira máis firme a millóns de nenos, que corren o risco de padecer consecuencias irreversibles a longo prazo se se lles nega o acceso á saúde, á nutrición e á educación.

Campaña mundial “Aprender sen medo” para eliminar a violencia nas escolas



A devandita campaña foi ideada por Plan, unha das máis antigas e grandes organizacións de desenvolvemento internacional do mundo. O obxectivo que pretende é acabar coas agresións que todos os días e en todos os países afectan aos nenos e ás nenas nas escolas, e que se manifestan en forma de castigo corporal, acoso, mortes por armas e ataques sexuais. Este tipo particular de violencia prexudica a personalidade e a aprendizaxe dos rapaces que a padecen.

“Aprender sen medo” representa o esforzo mundial para protexer a infancia destes abusos nun lugar que, en principio, debería ser seguro para eles. A campaña baséase na máis actualizada investigación sobre a magnitude do problema e conta con recursos legais e programas que poden ser eficaces na prevención e erradicación da violencia exercida na escola. A organización Plan traballa en 49 países en vías de desenvolvemento e dispón de oficinas en 17 países de Europa, América do Norte, leste de Asia e Oceanía.

Plan considera que o castigo corporal se produce cando alguén, nunha posición de autoridade, usa a forza física contra unha persoa que está baixo o seu coidado, coa intención de causarlle dor ou molestia. Isto pode traducirse en golpear os nenos e as nenas coa man ou cunha vara, correa ou outro obxecto; patear, sacudir; rabuñar, beliscar, trabar ou tirarlles do pelo; obrígalos a permanecer en posicións incómodas; encerralos ou amarralos; queimalos, botarlles líquidos quentes ou forzalos a inxerir obxectos, como lavarles a boca con xabón.

O acoso escolar, pola contra, é un concepto polisémico, pero a organización remarca a importancia da repetición, xunto co dano e a desigualdade de poder. Por outro lado, salienta o feito de que non todos os ataques se consideran fustrigada escolar, pero si que esta sempre implica agresión, o que significa unha conduta que magoa a quen a recibe. En xeral, as definicións subliñan a dificultade que ten a vítima para se defender e o desexo dos acosadores de obter algo material, unha recompensa social, ou certo tipo de pracer emocional. Considérase, por último, que un estudante sofre este tipo de violencia cando está exposto de forma reiterada e ao longo do tempo, a accións negativas por parte dun ou máis compañeiros.

Por outra parte, os abusos sexuais foron tratados en diferentes encontros e estudos. Así, o 2.º Congreso Mundial contra a Explotación Sexual Comercial de Nenos e Nenas que se celebrou en Yokohama (Xapón), reuniu a representantes de gobernos, organizacións intergubernamentais, organizacións non gubernamentais, e a membros da sociedade civil. Dese encontro saíu un compromiso que reafirmaba a protección e a promoción dos intereses e dereitos dos nenos e das nenas e o amparo contra todas as formas de explotación sexual, como a prostitución e a pornografía infantil, e a súa trata para fins sexuais.

Na sesión especial da Asemblea Xeral da ONU, que tivo lugar en 2002, os representantes de 180 nacións elaboraron un documento que inclúe 21 metas e obxectivos específicos para a vindeira década. Un deles é protexer a infancia fronte a todas as formas de explotación sexual.

Así mesmo, o Programa de acción de Estocolmo establece como prioridade a implantación de instrumentos internacionais e chama aos estados, aos sectores da sociedade e ás organizacións rexionais, nacionais, e internacionais a actuar contra a explotación sexual e comercial dos rapaces e rapazas.

